


AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE XERMADE

DOCUMENTO DEFINITIVO





Concello de Xermade

AVALIACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE XERMADE

Propiedade Intelectual de Proxectos Consultoría e Formación ,S.L e Proxectos Ensino, S.L.
Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido do presente documento, sen a previa
autorización do propietario do copyright.

Copyright ©, Proxectos, Consultoría e Formación ,S.L (Ferrol, A Coruña) 2010.

Copyright ©, Proxectos, Ensino,S.L (Ferrol, A Coruña) 2010.

Reservados todos os dereitos.

Índice

1. Introducción.....	4
2. O I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade.....	6
2.1 A pertinencia do deseño e implementación do PIOM.....	6
2.1.1 Baixa taxa de actividade feminina.....	6
2.1.2 A segmentación dos sectores de actividade nos que se inserta laboralmente a muller.....	8
2.2 O Plan. Áreas de actuación, obxectivos e actividades deseñadas.....	9
2.3 As actuacións deseñadas e implementadas no marco do I PIOM.....	17
2.3.1 Actividades de formación.....	18
2.3.2 Actividades xerais levadas a cabo no marco do PIOM.....	26
3. A avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade.....	49
3.1 Os criterios utilizados á hora de avalialo PIOM de Xermade.....	50
3.2 A concordancia entre os Criterios e as Actuacións do PIOM de Xermade.....	54
3.2.1 A aplicación no PIOM do Criterio de Complementariedade.....	55
3.2.2 A aplicación no PIOM do Criterio de Innovación.....	56
3.2.3 A aplicación no PIOM do Principio de Capacidade de Transferencia ás políticas xerais.....	57
3.2.4 A aplicación no PIOM do Principio de Capacitación.....	58
3.2.5 A aplicación no PIOM do Principio de Enfoque Integrado.....	58
3.2.6 A aplicación no PIOM do Principio de Colaboración Institucional.....	59
4. Conclusións e Retos de Futuro.....	61
4.1 A mellora do control nas actuacións deseñadas.....	63
4.2 O peche do círculo laboral. A inserción.....	64
4.3 A conciliación da vida familiar e laboral como xacemento de emprego e mellora da calidade de vida.....	66
4.4 O deseño de actividades de lecer no marco do PIOM. A sensibilización.....	67

1. INTRODUCCIÓN



1. Introducción.

No ano 2005 o Concello de Xermade toma a determinación de proceder ó deseño do que sería o I Plan e Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello (en diante PIOM), establecendo unha serie de liñas estratéxicas de actuación e accións periodificadas para a súa execución entre os anos 2005 e 2008.

O Concello de Xermade asume deste xeito a totalidade de marcos de referencia que tanto, en termos internacionais como estatais e autonómicos, se veñen debuxando nos últimos anos en materia de igualdade de oportunidades, facendo un esforzo importante de cara á plasmación dos principios expostos nestes documentos en proxectos operativos territorializados, coherentes coa realidade do concello e coas súas necesidades, así como achegando ós veciños a necesidade de establecer accións de cara á igualdade real de xénero como medio para acadar maiores cotas de benestar comunitario.

A decisión de proceder ó deseño, implementación e avaliación dunha política pública integral de fomento da igualdade de xénero ven determinada pola situación real da poboación feminina no Concello. Así, cun panorama laboral municipal marcado polas baixas taxas de actividade feminina, conxuntamente coa clara segmentación de xénero en termos de sectores de actividade, non somentes se poden definir as políticas de igualdade de xénero como pertinentes a priori, senón incluso como prioritarias.

Así mesmo, é salientable que o Concello de Xermade peche o ciclo dunha política tan importante como a de xénero, promovendo non unicamente o I PIOM, senón iniciando un proceso de avaliación do mesmo en termos de retos de futuro, razón esta de ser do documento presentado a continuación.

2. O I PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE XERMADE



2. O I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade.

2.1 A pertinencia do deseño e implementación do PIOM.

Tal e como se indicaba ó longo da introdución, a análise do mercado laboral do Concello resulta determinante á hora de proceder ó deseño e implementación do PIOM de Xermade.

Así, o mercado laboral, analizado en termos de xénero, ven determinado por dúas grandes características:

- Baixa taxa de actividade feminina.
- Excesiva segmentación dos sectores de actividade nos que se inserta laboralmente a muller.

6


2.1.1 Baixa taxa de actividade feminina.

No que respecta á baixa taxa de actividade feminina, esta cuestión é considerada como un dos centros da Estratexia de emprego definida na Unión Europea no cumio de Lisboa do ano 2001¹. A continuación amósanse as taxas de actividade presentes no Concello de Xermade comparativamente cos obxectivos do cumio de Lisboa.

De feito, tal e como se pode observar na Figura 1, a taxa de actividade total rexistrada en Xermade é dun 40,7% da poboación. Esta taxa, que xa de por si pode ser considerada como baixa (froito dun proceso de avellentamento da poboación intenso), amosa un especial dramatismo cando se analiza en termos

¹ Tómanse os datos do 2001 como referencia debido a que foron os que se utilizaron para o deseño do PIOM para o período 2005-2008 que se está a avaliar.

de xénero, xa que a taxa de actividade feminina ascende unicamente ó 31,2% da poboación.



Como contrapunto a estes datos, a estratexia de Lisboa marcada pola Unión Europea no ano 2001 amosa como obxectivos para o ano 2010 un total de actividade do 70%, facendo especial fincapé no obxectivo do 60% para a taxa de actividade feminina.

Deste xeito, é posible observar que, se ben en termos totais a taxa de actividade xeral do Concello tería que incrementarse 30 puntos porcentuais para acadalos obxectivos da Unión para o 2010, a taxa de actividade feminina teríase que ver duplicada dende os datos oficiais do 2001.

2.1.2 A segmentación dos sectores de actividade nos que se inserta laboralmente a muller.


Seguindo a análise do mercado laboral iniciada con anterioridade, é preciso estuda-la segmentación e a distribución de traballadores por sectores en función da perspectiva de xénero.

Así, é posible afirmar que o mercado laboral de Xermade atópase marcado por un importante sesgo de xénero xa que na principal actividade económica do concello, a agricultura, o número de mulleres presentes practicamente duplica á de homes, en tanto que nas actividades relacionadas coa industria e coa construción a presenza de mulleres é anecdótica (233 homes nos dous sectores indicados fronte a 10 mulleres presentes nestes dous sectores).

Este sesgo de xénero pódese observar incluso no sector servizos, sendo tamén superior o número de homes (163) fronte ó de mulleres.

A continuación amósase a distribución sectorial do emprego no Concello de Xermade:

8



Neste sentido, tendo en conta estes datos, é posible indicar que o mercado laboral presente no Concello de Xermade está marcado por unha forte segmentación en termos de xénero, razón pola cal o Concello toma a determinación de, seguindo as indicacións e os obxectivos marcados no ámbito europeo, español e galego de cara á igualdade entre homes e mulleres, iniciando o deseño do I PIOM e, no ano 2005, a súa implementación efectiva.

2.2 O Plan. Áreas de actuación, obxectivos e actividades deseñadas.

En función do escenario analizado previamente e que xustifica a presenza do PIOM, o Concello diseña un Plan cunha temporalización de 4 anos centrado en 5 áreas de traballo.

Área 1. Administración local e participación socio-política.

Nesta área de traballo, preténdese que a perspectiva de xénero estea presente en todas as actuacións do Concello, promovendo a participación feminina e o seu empoderamento, promovendo así mesmo a cooperación entre as diferentes administracións presentes no territorio do concello para acadar estes obxectivos e impulsando o papel da muller nos órganos nos que estean presentes.

Os traballos a desempeñar na presente área – Actuacións – estrutúranse en función do obxectivo ó que se dirixan.

Obxectivo 1. Introduci-lo principio de transversalidade nas políticas, plans e programas de interese para a muller na área local.

Actuación 1. Inclusión de variable sexo nos estudos, informes e estatísticas realizadas dende o Concello.

Actuación 2. Uso dunha linguaxe non discriminatoria en tódolos documentos municipais.

Actuación 3. Aplica-la perspectiva de xénero a tódalas actuacións que se leven a cabo dende o Concello.

Actuación 4. Facer campañas de sensibilización entre a corporación e persoal do Concello para o uso e coñecemento do principio de transversalidade.

Actuación 5. Definición dun protocolo xeral para a integración do principio de transversalidade tendente a homoxeneizar a súa formulación, implementación e xestión nas diferentes áreas.

Obxectivo 2. Promove-la participación das mulleres nas organización sociais e políticas.

10

Actuación 1. Ofrecer asesoramento a mulleres para a creación, xestión e organización de asociacións e outras entidades de iniciativa social de interese para as mulleres.

Actuación 2. Facilita-lo acceso a locais e recursos económicos para entidades e asociacións de interese para as mulleres.

Actuación 3. Organizar charlas co fin de promove-lo tecido asociativo na zona.

Actuación 4. Implicar ós diferentes axentes sociais e políticos na implantación e avaliación do presente plan mediante a organización de reunións.

Obxectivo 3. Coordinar e cooperar as actuacións municipais en política de igualdade con outras administracións que traballen neste ámbito.

Actuación 1. Promove-la celebración de encontros con outras administración (locais, comarcais e autonómicas) para o intercambio de información e experiencias sobre a implementación do principio de transversalidade.

Obxectivo 4. Impulsa-lo acceso da muller a cargos de poder e a súa participación nos órganos de decisión.

Actuación 1. Organizar charlas a cargo de mulleres con cargos directivos visibilizando a estas mulleres e promovendo o intercambio de experiencias.

Actuación 2. Realizar talleres e obradoiros para mulleres que lles permitan desenvolver as súas capacidades e competencias persoais.

Actuación 3. Realización de foros e debates nos que se lles ofrezca a oportunidade ás mulleres de expresar opinións e demandas.

11

Área 2. Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Nesta área encádranse tódalas actuacións encaras á mellora da empregabilidade feminina, así como á mellora das condicións de traballo de cara á conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1. Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 1. Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.

Actuación 2. Colaboración co técnico local de emprego en canto á demanda e oferta das mulleres para os cursos de formación.

Actuación 3. Introducción da transversalidade nos distintos cursos de formación organizados dende o concello mediante a presenza dun módulo de igualdade.

Actuación 4. Realizar cursos de formación para as mulleres en colaboración co Servizo Galego de Igualdade, que lles permita melloras súas expectativas de emprego.

Actuación 5. Realizar xornadas de procura de emprego nas que se conciencie da importancia da formación e a reciclaxe profesional.

Obxectivo 2. Favorece-la incorporación das mulleres ó mercado laboral.

Actuación 1. Informar ás empresas da zona sobre as axudas existentes para a contratación de mulleres.

12

Actuación 2. Colaborar co Técnico Local de Emprego na inserción laboral das mulleres facilitando información sobre as demandas e ofertas de emprego, así como dos programas e servizos de emprego.

Actuación 3. Realizar campañas de sensibilización con fin de eliminar prexuízos por razón de xénero que obstaculicen a inserción laboral das mulleres.

Obxectivo 3. Potencia-lo autoemprego entre as mulleres do concello.

Actuación 1. Colaboración co técnico local de emprego para ofrecer ás mulleres información para o autoemprego.

Actuación 2. Realización de charlas para fomenta-la participación das mulleres na actividade empresarial potenciando o coñecemento do autoemprego como alternativa laboral.

Actuación 3. Informar acerca do cooperativismo e outras formas posibles de autoemprego no medio rural.

Obxectivo 4. Favorece-la conciliación da vida laboral e familiar.

Actuación 1. Realizar campañas de concienciación da importancia da corresponsabilidade nas tarefas domésticas.

Actuación 2. Informar sobre o servizo de axuda a domicilio que se ofrece dende a administración local.

Actuación 3. Informar sobre os recursos e lexislación existentes en materia de conciliación.

Actuación 4. Realizar unha campaña de información e sensibilización sobre a igualdade entre homes e mulleres con respecto á conciliación da vida laboral e familiar entre os alumnos do centro escolar.

13

Actuación 5. Crear un recoñecemento especial para as empresas locais que cumpran as medidas de conciliación da vida familiar e laboral.

Área 3. Cultura, ocio e tempo libre.

Nesta área enmárcanse as actuacións dirixidas a potencia-la perspectiva de xénero no lecer da poboación, así como de empoderar e visibiliza-lo papel das mulleres no que á súa presenza nas manifestacións culturais se refire.

Obxectivo 1. Diseñar e potenciar actividades de tempo libre para as mulleres.

Actuación 1. Impulsa-la participación das mulleres nas actividades deportivas programadas dende o Concello.

Actuación 2. Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas....)

Actuación 3. Fomenta-la perspectiva de xénero entre os nenos con actividades lúdicas onde se involucren os pais e as nais (xogos, contacontos...).

Actuación 4. Facilitar o acceso das mulleres a internet a través de cursos de formación.

Obxectivo 2. Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 1. Crear na páxina web do concello un área adicada á muller.

Actuación 2. Estimular e apoia-la participación das mulleres na produción cultural facendo visibles as obras realizadas por elas.

14

Actuación 3. Informar ás asociacións das axudas que se conceden para a realización das actividades.

Actuación 4. Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de Marzo (día internacional da muller traballadora).

Área 4. Saúde, atención social e violencia de xénero.

As actuacións enmarcadas nesta área buscan a mellora da saúde feminina, atacando tanto aspectos como a violencia de xénero ou eliminación dos factores que levan á exclusión social das mulleres do concello, mediante a potenciación da perspectiva de xénero nos servizos socio-sanitarios.

Obxectivo 1. Fomentar programas dirixidos a mellorar de xeito integral a saúde das mulleres.

Actuación 1. Realizar actuacións conxuntas co persoal sanitario sobre educación sexual, prevención do embarazo e enfermidades de transmisión sexual dirixidas ós adolescentes.

Actuación 2. Colaborar cos servizos sanitarios na difusión de campañas de prevención de transtornos alimentarios como a anorexia e a bulimia.

Actuación 3. Facer campañas sanitarias entre as mulleres sobre a menopausa, prevención da osteoporose, problemas depresivos e hábitos de automedicación.

Obxectivo 2. Analiza-la situación da muller en risco de exclusión no concello.

Actuación 1. Realizar un estudo sobre a situación da muller en risco de exclusión social, analizando as súas demandas para elaborar un programa de medidas concretas.

15

Actuación 2. Desagregación por sexo dos informes e memorias dos servizos sociais.

Obxectivo 3. Potenciar o acceso da muller ós servizos de asistencia social existentes.

Actuación 1. Informar ás mulleres dos recursos existentes en materia de atención social.

Actuación 2. Coordinar cos servizos sociais municipais o establecemento dunha serie de criterios de priorización das mulleres en situación de exclusión social.

Obxectivo 4. Promover unha atención integral ás vítimas da violencia de xénero.

Actuación 1. Divulgar guías sobre a prevención da violencia de xénero (maltrato físico, psíquico e acoso sexual).

Actuación 2. Realizar accións de sensibilización na escola a través de talleres sobre a discriminación por razón de xénero que poden desembocar en actos de violencia contra as mulleres.

Actuación 3. Promover a coordinación entre os distintos axentes sociais que interveñen en materia de prevención e asistencia ás vítimas de malos tratos.

Actuación 4. Priorizar ás vítimas de violencia de xénero o acceso ós cursos de formación.

Actuación 5. Realizar actos conmemorativos do día 25 de Novembro (día mundial contra a violencia de xénero) para rexeitar estes comportamentos.

16

Área 5. Medio Ambiente e desenvolvemento sostible.

As actuacións enmarcadas nesta área supoñen a inclusión da perspectiva de xénero dentro das políticas públicas encaradas a garanti-lo desenvolvemento sostible do territorio.

Obxectivo 1. Potenciar unha relación equilibrada e respectuosa das mulleres co medio ambiente.

Actuación 1. Fomentar entre as mulleres actitudes respectuosas co medio ambiente e co entorno, a través de campañas de sensibilización.

Actuación 2. Potencia-la redución e a reciclaxe dos residuos domésticos no fogar como un elemento máis da corresponsabilidade de homes e de mulleres na realización de tarefas domésticas.

Obxectivo 2. Favorece-la participación das mulleres en iniciativas empresariais e urbanísticas que posibiliten o desenvolvemento sostible.

Actuación 1. Impulsar o acceso das mulleres a novas ocupacións relacionadas co medio ambiente.

Actuación 2. Apoiar as iniciativas empresariais das mulleres naquelas actividades económicas respectuosas co medio natural.

Actuación 3. Ter en conta ás mulleres destacadas do municipio na denominación de rúas, prazas, parques...

2.3 As actuacións deseñadas e implementadas no marco do I PIOM.

Unha vez deseñado o PIOM, o Concello de Xermade iniciou a planificación operativa do mesmo, é dicir, converte-las actuacións deseñadas no marco do proceso de planificación en actuacións reais, dotadas de contido e datas de execución.

Neste sentido, o Concello de Xermade dende o ano 2006 ven executando unha serie de actuacións encamiñadas ó pulo da igualdade efectiva entre homes e mulleres que seguen os eixos estratéxicos marcados dende o PIOM.

Así, a política pública de fomento da igualdade ven sendo implementada dende o ano 2006 ata a actualidade polo Concello, seguindo as liñas marcadas no PIOM, a pesares de que este tivera como vixencia inicial o período comprendido entre o ano 2005 (ano do seu deseño) e o 2008. Deste xeito, é

posible dicir que os marcos estratéxicos deseñados no PIOM seguen a estar vixentes hoxe en día, a pesares de que é obxecto desta avaliación a súa análise de cara á actualización das necesidades e, polo tanto, das actuacións a levar a cabo nun próximo período de actuacións.

A continuación, farase unha relación exhaustiva das actuacións levadas a cabo dende o Concello en materia de fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, analizando a coherencia das mesmas coas áreas e obxectivos marcados dende o PIOM.

Nesta relación de actuacións, o equipo técnico da avaliación considera preciso facer unha distinción entre as actividades de formación deseñadas e impartidas dende o Concello que, pola súa importancia é preciso analizalas de xeito independente, das actuacións xerais de fomento da igualdade de oportunidades.

Deste xeito, a análise realizada seguirá o seguinte esquema:

18

- Actividades de formación realizadas.
 - Análise do número total de alumnos, número de mulleres e porcentaxe sobre o total.
 - Análise do seu encadramento nas liñas estratéxicas do PIOM.
 - Conclusións xerais sobre as actividades de formación.

- Análise das actividades xerais levadas a cabo.
 - Explicación da actividade.
 - Análise do seu encadramento nas liñas estratéxicas do PIOM.
 - Conclusións xerais.

2.3.1 Actividades de formación.

2.3.1.1 Análise das actividades de formación.

Ano 2006.

1. Denominación: Curso de Auxiliar de Axuda a Domicilio.
Número de participantes: 15
Número de Mulleres: 15
% participación feminina: 100 %
Encadramento PIOM: Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral. Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral. Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego. Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.

2. Denominación: Informática de usuario.
Número de participantes: 13
Número de Mulleres: 11
% participación feminina: 84,6 %
Encadramento PIOM: Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral. Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral. Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego. Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego. Área III: Cultura, ocio e tempo libre. Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres. Actuación 4: Facilita-lo acceso das mulleres a internet e ás novas tecnoloxías a través de cursos de formación.

19

3. Denominación: Xardinería
Número de participantes: 12
Número de Mulleres: 6
% participación feminina: 50 %
<p>Encadramento PIOM:</p> <p>Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.</p> <p>Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.</p> <p>Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.</p> <p>Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.</p>

4. Denominación: Internet básico
Número de participantes: 11
Número de Mulleres: 11
% participación feminina: 100 %
<p>Encadramento PIOM:</p> <p>Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.</p> <p>Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.</p> <p>Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.</p> <p>Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.</p> <p>Área III: Cultura, ocio e tempo libre.</p> <p>Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.</p> <p>Actuación 4: Facilita-lo acceso das mulleres a internet e ás novas tecnoloxías a través de cursos de formación</p>

5. Denominación: Prevención de riscos laborais

Número de participantes: 13

Número de Mulleres: 13

% participación feminina: 100 %

Encadramento PIOM:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.

21

Año 2007

6. Denominación: Monitor de educación ambiental

Número de participantes: 10

Número de Mulleres: 9

% participación feminina: 90 %

Encadramento PIOM:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.

Área V: Medio ambiente e desenvolvemento sostible.

Obxectivo 2: Favorece-la participación das mulleres en iniciativas empresariais e urbanísticas que posibiliten o desenvolvemento sostible.

6. Denominación: Monitor de educación ambiental

Actuación 1. Impulsar o acceso das mulleres a novas ocupacións relacionadas co medio ambiente.

Ano 2008

7. Denominación: Instalador de sistemas fotovoltaicos

Número de participantes: 15

Número de Mulleres: 0

% participación feminina: 0 %

Encadramento PIOM:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.

Área V: Medio ambiente e desenvolvemento sostible.

Obxectivo 2: Favorece-la participación das mulleres en iniciativas empresariais e urbanísticas que posibiliten o desenvolvemento sostible.

Actuación 1. Impulsar o acceso das mulleres a novas ocupacións relacionadas co medio ambiente.

22

8. Denominación: Instalador de enerxía solar térmica

Número de participantes: 15

Número de Mulleres: 4

% participación feminina: 26,7 %

Encadramento PIOM:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó

8. Denominación: Instalador de enerxía solar térmica

mercado laboral.

Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.

Área V: Medio ambiente e desenvolvemento sostible.

Obxectivo 2: Favorece-la participación das mulleres en iniciativas empresariais e urbanísticas que posibiliten o desenvolvemento sostible.

Actuación 1. Impulsar o acceso das mulleres a novas ocupacións relacionadas co medio ambiente.

Ano 2009

9. Denominación: Curso de atención á infancia

Número de participantes: 17

Número de Mulleres: 17

% participación feminina: 100 %

Encadramento PIOM:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.

10. Denominación: Instalador de enerxía solar térmica

Número de participantes: 15

Número de Mulleres: 4

% participación feminina: 26,7%

Encadramento PIOM:

10. Denominación: Instalador de enerxía solar térmica

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 1: Analiza-las necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres, en colaboración co SGI, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.

Área V: Medio ambiente e desenvolvemento sostible.

Obxectivo 2: Favorece-la participación das mulleres en iniciativas empresariais e urbanísticas que posibiliten o desenvolvemento sostible.

Actuación 1. Impulsar o acceso das mulleres a novas ocupacións relacionadas co medio ambiente.

2.3.1.2 Conclusións iniciais derivadas da análise previa.

24

Tal e como se indicou con anterioridade, para a análise das actuacións emprendidas dende o Concello de Xermade relacionadas co fomento da igualdade de xénero entre homes e mulleres, non somentes se tomou en consideración o período propio do PIOM (2005 – 2008), senón que se asume que este segue a se-lo marco estratéxico da totalidade das actuacións nesta materia ata que se produza unha revisión do mesmo.

Así, o Concello impartiu un total de 10 actividades de formación directamente relacionadas coa igualdade de xénero, así como coa apertura de novos xacementos de emprego ás mulleres.

Nestas actividades formativas participaron un total de 136 alumnos, dos cales 90 foron mulleres, o que supón o 66% dos participantes nas mesmas.

Analizando de xeito máis fondo o impacto das actividades formativas en termos de asistencia feminina, é preciso indicar que das 10 actividades salientadas,

nun total de catro o 100% dos asistentes foron mulleres. Trátase dos cursos de Auxiliar de axuda a domicilio, internet básico, prevención de riscos laborais e atención á infancia.

Así mesmo, noutras dúas actividades formativas o número de mulleres superou o 75%, trátase dos cursos de informática de usuario (o 84% dos alumnos son mulleres) e de monitor de educación ambiental no que o 90% dos alumnos son mulleres.

Do mesmo xeito, pero en sentido contrario, é preciso indicar que unicamente a unha actividade formativa non asistiu ningunha muller. Tratouse do curso de instalador de sistemas fotovoltaicos impartido no ano 2008.

No tocante ós contidos das actividades formativas e á súa relación cos participantes nas mesmas, é preciso indicar que se pode observar un sesgo de xénero en función dos contidos. Deste xeito, en tanto ás actividades formativas relacionadas cos servizos sociais e de proximidade acoden maioritariamente as mulleres, naquelas relacionadas cos empregos de carácter técnico e coa sostibilidade a presenza feminina é menor, sendo este un aspecto a mellorar no que á difusión e captación de participantes se refire para posteriores actividades formativas.

25

Con todo, a esta análise foxen os contidos relacionados coas TIC, xa que nestas actividades formativas son maioría as mulleres, polo que se pode indicar que, en tanto os cursos relacionados cos servizos de proximidade, atención á dependencia e TIC son os que máis tirón teñen para as mulleres, son os relacionados con profesións técnicas os que máis implantación teñen entre os homes.

2.3.2 Actividades xerais levadas a cabo no marco do PIOM

Dentro das actividades xerais, o equipo técnico encargado de realiza-la avaliación do PIOM engloba a totalidade de actuacións deseñadas e implementadas seguindo o PIOM que non poidan ser consideradas como actividades netamente formativas xa que, debido á importancia e do volume das mesmas, foron analizadas nun apartado único.

Así, estas actividades xerais implementadas dende o concello seguindo as liñas mestras do PIOM serán analizadas atendendo á súa denominación e á explicación dos seus contidos, así como se lle prestará especial atención ó encadramento das mesmas en función das Áreas, obxectivos e actuacións marcadas no propio PIOM de cara ó estudo da súa coherencia.

Actividades realizadas no ano 2006.

1. Denominación: 1º Xornada de difusión do PIOM de Xermade
<p>Descrición:</p> <p>Convocatoria aberta á totalidade de axentes e individuos do Concello de Xermade coa finalidade de presenta-lo Plan de Igualdade de Oportunidades do concello.</p> <p>Celebrada o 7 de Marzo do ano 2006 na biblioteca municipal.</p>
<p>Encadramento PIOM:</p> <p>É unha actuación transversal que ten o obxectivo de difundir os contidos do PIOM e presentalo á sociedade municipal.</p>

26

2. Denominación: Obradoiro de Igualdade de Oportunidades
<p>Descrición:</p> <p>Realización dun obradoiro de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres con seguintes contidos:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ O sistema sexo/xénero (como polo feito de nacer homes ou mulleres se nos outorga un papel diferente na sociedade).

2. Denominación: Obradoiro de Igualdade de Oportunidades

- Concepto de igualdade. Primeiras demandas. Historia do movemento dos dereitos das mulleres.
- Coeducación. Propostas de coeducación para nenos/as e xóvenes. Refráns e frases alusivas á muller a través da historia.
- A violencia. Tipos. Recursos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os obxectivos desta acción son os seguintes:

- Proporcionar coñecementos básicos para a igualdade de oportunidades.
- Achegar criterios que permitan analizar situacións de desigualdade.
- Reflexionar sobre os diferentes papeis asignados ás mulleres.

O obradoiro foi realizado en horario de noite (de 21 a 22.30 horas) coa finalidade de facilita-la conciliación da vida familiar e laboral, sendo celebrado en data 2, 9, 16, 23 e 30 de outubro do ano 2006.

A este obradoiro asistiron un total de 12 persoas e o custe estimouse en ó redor de 300€.

Encadramento PIOM:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promove-la formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 3: Introducción da transversalidade nos distintos cursos de formación organizados dende o concello mediante a presenza dun módulo de igualdade.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para as mulleres, en colaboración co Servizo Galego de Igualdade, que lles permira mellorar as súas expectativas de emprego.

3. Denominación: I Concurso de Carteis contra a Violencia de Xénero

Descrición:

3. Denominación: I Concurso de Carteis contra a Violencia de Xénero

Concurso de carteis contra a violencia de xénero aberto á participación de tódolos nenos/as de 5º e 6º de primaria do CEIP de Xermade, celebrada no marco das actividades deseñadas para conmemora-lo 25 de novembro, día mundial contra a violencia de xénero.

A actuación ten os seguintes obxectivos:

- Sensibilizar ós nenos/as sobre o problema da violencia de xénero.
- Sensibilizar á poboación en xeral sobre a violencia de xénero mediante diferentes campañas.

O concurso tivo lugar nos meses de outubro e novembro do 2006, sendo a entrega de premios o día 24 de novembro.

Encadramento PIOM:

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas da violencia de xénero.

Actuación 2: Realizar accións de sensibilización na escola a través de talleres sobre a discriminación por razón de xénero que poden desembocar en actos de violencia contra as mulleres.

Actuación 5: Realizar actos conmemorativos do 25 de Novembro (día mundial contra a violencia de xénero) para rexeitar estes comportamentos.

28

Actividades realizadas no ano 2007.

4. Denominación: Celebración de actos conmemorativos do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) e do Día Mundial contra a Violencia de Xénero (25 de novembro) do ano 2007.

Descrición:

Conxunto de actividades levadas a cabo no marco da celebración do Día Mundial contra a Violencia de Xénero e do Día Internacional da Muller Traballadora lideradas polo Concello de Xermade, entre os que salientan charlas, conferencias, ceas de confraternidade...

4. Denominación: Celebración de actos conmemorativos do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) e do Día Mundial contra a Violencia de Xénero (25 de novembro) do ano 2007.

Encadramento PIOM:

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas da violencia de xénero.

Actuación 5: Realizar actos conmemorativos do 25 de Novembro (día mundial contra a violencia de xénero) para rexeitar estes comportamentos.

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2. Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (día mundial da muller traballadora)

29

5. Denominación: I Cea de Mulleres do Concello de Xermade

Descrición:

Celebración da I Cea de Confraternización das Mulleres do Concello de Xermade con motivo da celebración do 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora.

Esta celebración ten os seguintes obxectivos:

- Reunión de tódalas mulleres do Concello.
- Acercamento entre as asociacións de mulleres rurais.
- Motivar á participación ás mulleres de Xermade.
- Recoller as inquedanzas das mulleres do Concello.
- Celebra-lo 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora.

A cea foi celebrada o día 31 de Marzo do 2007, cunha asistencia de 103 mulleres e un custe para o concello de 1.494€.

Encadramento PIOM:

5. Denominación: I Cea de Mulleres do Concello de Xermade

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.

Actuación 2: Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas....)

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora)

6. Denominación: Celebración da charla titulada “O Benestar na Muller”

Descrición:

Charla impartida pola psicóloga M^a Carme Rego sobre “ O Benestar na Muller” no marco da I Cea de confraternización de mulleres do Concello de Xermade con motivo da celebración do Día Internacional da Muller Traballadora.

A charla foi impartida o día 31 de marzo do 2007 e asistiron 103 mulleres.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.

Actuación 2: Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas....)

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora)

7. Denominación: II Concurso de Carteis contra a Violencia de Xénero

Descrición:

Concurso de carteis contra a violencia de xénero aberto á participación de tódolos nenos/as de 5º e 6º de primaria do CEIP de Xermade, celebrada no marco das actividades deseñadas para conmemora-lo 25 de novembro, día mundial contra a violencia de xénero.

A actuación ten os seguintes obxectivos:

- Sensibilizar ós nenos/as sobre o problema da violencia de xénero.
- Sensibilizar á poboación en xeral sobre a violencia de xénero mediante diferentes campañas.

O concurso tivo lugar nos meses de outubro e novembro do 2007, sendo a entrega de premios o día 29 de outubro.

Encadramento PIOM:

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas da violencia de xénero.

Actuación 2: Realizar accións de sensibilización na escola a través de talleres sobre a discriminación por razón de xénero que poden desembocar en actos de violencia contra as mulleres.

Actuación 5: Realizar actos conmemorativos do 25 de Novembro (día mundial contra a violencia de xénero) para rexeitar estes comportamentos.

31

8. Denominación: O deporte de Xermade contra a violencia de xénero.

Descrición:

Conxunto de actuacións lideradas polo concello co obxectivo de sensibilizar ó público masculino coa violencia de xénero mediante a utilización dos equipos de fútbol locais como vehículo de expresión deste rexeitamento.

8. Denominación: O deporte de Xermade contra a violencia de xénero.

Estas actuacións contan cos seguintes obxectivos:

- Implicar ó deporte do Concello nas actividades de igualdade entre homes e mulleres.
- Sensibilizar a toda a poboación sobre a problemática do maltrato.
- Facilitar a través das tarxetas teléfonos de interese no caso de consultas ou casos de maltrato.
- Promover a través da información e da sensibilización a denuncia das desigualdades entre homes e mulleres e a violencia de xénero.
- Eliminar prexuízos mediante un deporte basicamente exercido por homes, no que os propios homes son os protagonistas “en positivo” desta actividade.

Deste xeito, ó longo do 2007 sucedéronse varias iniciativas relacionadas co eido deportivo de cara á concienciación da poboación coa violencia de xénero.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de tempo libre para as mulleres.

Actuación 1: Impulsar a participación das mulleres nas actividades programadas dende o Concello.

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero.

Actuación 2: Realizar accións de sensibilización na escola a través de talleres sobre a discriminación por razón de xénero que poden desembocar en actos de violencia contra as mulleres.

Área I: Administración local e participación socio-política.

Obxectivo 3: Coordinar e cooperar as actuacións municipais en política de igualdade con outras administración que traballen neste campo.

Actuación 1: Promover a celebración de encontros con outras administracións (locais, comarcais e autonómicas) para o intercambio de información e experiencias sobre a implementación do principio de transversalidade.

9. Denominación: O fútbol de Xermade contra a violencia de xénero.

Descrición:

Conxunto de accións levadas a cabo entre o Concello de Xermade, os 5 clubs de fútbol locais e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, de cara á concienciación da sociedade contra a violencia de xénero.

Dentro desta iniciativa leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Coordinación coas directivas dos equipos.
- Realización de 2000 tarxetas cos escudos dos equipos, os logos do concello e da Vicepresidencia e os números de teléfono de interese en caso de violencia de xénero.
- Divulgación das tarxetas entre os clubs, veciños, asociacións...
- Gravación das camisetas dos clubs co logo "Di non á violencia de xénero".
- Información da actividade polos medios de comunicación.
- Compra de equipamentos para os clubs co escudo do concello, o logo da vicepresidencia e o logo "Di non á violencia de xénero".

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de tempo libre para as mulleres.

Actuación 1: Impulsar a participación das mulleres nas actividades programadas dende o Concello.

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero.

Actuación 2: Realizar accións de sensibilización na escola a través de talleres sobre a discriminación por razón de xénero que poden desembocar en actos de violencia contra as mulleres.

Área I: Administración local e participación socio-política.

Obxectivo 3: Coordinar e cooperar as actuacións municipais en política de igualdade con outras administración que traballen neste campo.

Actuación 1: Promover a celebración de encontros con outras administracións

9. Denominación: O fútbol de Xermade contra a violencia de xénero.

(locais, comarcais e autonómicas) para o intercambio de información e experiencias sobre a implementación do principio de transversalidade.

10. Denominación: Fútbol sala feminino. Mulleres contra a violencia de xénero.

Descrición:

Celebración dun partido de fútbol sala con carácter benéfico disputado entre vinteseite mulleres do concello cos seguintes obxectivos:

- Sensibilizar a toda a poboación sobre o problema das desigualdades entre homes e mulleres e sobre os malos tratos en particular.
- Suprimir e previr mediante unha acción positiva a discriminación cara as mulleres mediante unha actividade que está atribuída fundamentalmente ós homes.
- Implicar a diferentes colectivos colaborando na realización da actividade, ó Concello e á Xunta, ó CEIP, a toda a poboación en xeral, e a unha asociación de vítimas de malos tratos.
- Motivar ás mulleres para que a raíz desta iniciativa fagan un equipo de sala profesional.
- Ocupa-lo tempo libre e/ou ocio das mulleres.
- Promover que á raíz de todo este movemento, saian á luz casos de maltrato que se podan abordar.

Deste xeito, os dous equipos conformados por 13 e 14 mulleres adestraron en xornada de venres de 19.30 a 21 horas, en tanto que o partido celebrouse o sábado 19 de maio do 2007 no CEIP de Xermade, que elaborou unha pancarta facendo referencia á violencia de xénero.

As xogadoras portaban camisetas co logo do concello, o da vicepresidencia e o logo “STOP á violencia de xénero” , así como unha palabra relacionada coa violencia de xénero, pero en positivo. As camisetas dos adestradores graváronse coas palabras Igualdade e Compromiso.

10. Denominación: Fútbol sala feminino. Mulleres contra a violencia de xénero.

A recadación foi destinada á Asociación de Mulleres separadas e divorciadas de Lugo.

Así mesmo, a experiencia do maratón de fútbol sala feminino repítese de xeito anual.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de tempo libre para as mulleres.

Actuación 1: Impulsar a participación das mulleres nas actividades programadas dende o Concello.

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero.

Actuación 2: Realizar accións de sensibilización na escola a través de talleres sobre a discriminación por razón de xénero que poden desembocar en actos de violencia contra as mulleres.

Área I: Administración local e participación socio-política.

Obxectivo 3: Coordinar e cooperar as actuacións municipais en política de igualdade con outras administración que traballen neste campo.

Actuación 1: Promover a celebración de encontros con outras administracións (locais, comarcais e autonómicas) para o intercambio de información e experiencias sobre a implementación do principio de transversalidade.

35

Actividades realizadas no ano 2008.

11. Denominación: Exposición de pintura de Margarita Cimadevila "Science & Art: Enciga/CERN"

Descrición:

Exposición de pintura relacionada coa ciencia en xeral e coa física en particular de Margarita Cimadevila, profesora de Física e Química do IES

**11. Denominación: Exposición de pintura de Margarita Cimadevila
“Science & Art: Enciga/CERN”**

Urbano LUGRÍS de Sada, do que é directora.

A exposición tivo lugar dende o 14 ó 31 de marzo na biblioteca de Xermade.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 2: Estimular e apoiar a participación das mulleres na produción cultural facendo visibles as obras realizadas por elas.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de Marzo (día mundial da muller traballadora)

**12. Denominación: Celebración de actos conmemorativos do Día
Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) do ano 2008.**

36

Descrición:

Conxunto de actividades levadas a cabo no marco da celebración do Día Mundial contra a Violencia de Xénero e do Día Internacional da Muller Traballadora lideradas polo Concello de Xermade, entre os que salientan charlas, conferencias, ceas de confraternidade...

Encadramento PIOM:

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas da violencia de xénero.

Actuación 5: Realizar actos conmemorativos do 25 de Novembro (día mundial contra a violencia de xénero) para rexeitar estes comportamentos.

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2. Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (día mundial da muller traballadora)

13. Denominación: II Cea de confraternización das mulleres de Xermade.

Descrición:

Celebración da II Cea de Confraternización das Mulleres do Concello de Xermade con motivo da celebración do 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora.

Esta celebración ten os seguintes obxectivos:

- Reunión de tódalas mulleres do Concello.
- Acercamento entre as asociacións de mulleres rurais.
- Motivar á participación ás mulleres de Xermade.
- Recoller as inquedanzas das mulleres do Concello.
- Celebra-lo 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora.

A cea foi celebrada o día 28 de Marzo do 2008 e un custe para o concello de 464€.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.

Actuación 2: Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas....)

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora)

37

14. Denominación: Celebración dunha Charla titulada “Estratexias e recursos para dinamizar unha asociación de mulleres”

14. Denominación: Celebración dunha Charla titulada “Estratexias e recursos para dinamizar unha asociación de mulleres”

Descrición:

Charla impartida pola Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas de Lugo, con ampla experiencia en traballo con mulleres, con temas de igualdade, maltrato....

A charla foi impartida o día 28 de marzo do 2008 no marco da celebración dos actos de conmemoración do Día Mundial da Muller Traballadora.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.

Actuación 2: Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas....)

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora)

38

15. Denominación: Creación dun Club de fútbol sala feminino.

Descrición:

Dende o Concello promoveuse a creación dun Club de Fútbol Sala feminino, o Relúa Xermade FSF que na actualidade está a competir na categoría provincial.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de tempo libre para as mulleres.

Actuación 1: Impulsar a participación das mulleres nas actividades programadas dende o Concello.

16. Denominación: Apoio á conciliación da vida familiar e laboral do persoal do Concello.

Descrición:

O concello de Xermade trata de facilita-la conciliación da vida familiar e laboral do persoal mediante as seguintes actuacións iniciadas no ano 2008:

- Adaptación do horario laboral para levar e recoller ós nenos na gardería, coa posibilidade de recupera-las horas de traballo noutro intre. A esta posibilidade acolleuse unha traballadora dende o ano 2008.
- Adaptación do posto de traballo por causas especiais. Esta adaptación consistiu, ata o momento, na merca dunha neveira para o concello co obxectivo de gardar leite materno.
- Redución da xornada de traballo e do salario, ata un 30% do mesmo, co obxectivo de facilita-la conciliación da vida familiar e laboral. Acolleuse un traballador dende o ano 2008.

Encadramento PIOM:

Aínda que no PIOM non se atope especificamente ningunha actividade deseñada de cara a favorece-la conciliación da vida familiar e laboral do cadro de persoal do Concello, asúmese que a totalidade destas actuacións se enmarcan na seguinte área:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 4: Favorece-la conciliación da vida familiar e laboral.

39

Actividades realizadas no ano 2009.

17. Denominación: Celebración de actos conmemorativos do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) do ano 2009.

Descrición:

Conxunto de actividades levadas a cabo no marco da celebración do Día

17. Denominación: Celebración de actos conmemorativos do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) do ano 2009.

Mundial contra a Violencia de Xénero e do Día Internacional da Muller Traballadora lideradas polo Concello de Xermade, entre os que salientan charlas, conferencias, ceas de confraternidade...

Encadramento PIOM:

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas da violencia de xénero.

Actuación 5: Realizar actos conmemorativos do 25 de Novembro (día mundial contra a violencia de xénero) para rexeitar estes comportamentos.

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2. Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (día mundial da muller traballadora)

40

18. Denominación: III Cea de confraternización das mulleres de Xermade.

Descrición:

Celebración da III Cea de Confraternización das Mulleres do Concello de Xermade con motivo da celebración do 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora.

Esta celebración ten os seguintes obxectivos:

- Reunión de tódalas mulleres do Concello.
- Acercamento entre as asociacións de mulleres rurais.
- Motivar á participación ás mulleres de Xermade.
- Recoller as inquedanzas das mulleres do Concello.
- Celebra-lo 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora.

A cea foi celebrada o día 7 de Marzo do 2009.

18. Denominación: III Cea de confraternización das mulleres de Xermade.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.

Actuación 2: Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas....)

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora)

19. Denominación: Lectura de textos sobre o día da muller.

Descrición:

Con motivo da celebración do 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora, e co gallo da II Cea de confraternización das mulleres de Xermade, realizouse unha lectura de textos sobre o día da muller.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.

Actuación 2: Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas....)

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora)

20. Denominación: Realización do Obradoiro “Desenvolvemento persoal. Autoestima”

Descrición:

Realización do obradoiro “Desenvolvemento persoal. Autoestima” impartido por unha psicóloga e organizado polo Servizo Galego de Igualdade e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

O obradoiro foi levado a cabo o 7 de novembro do 2009 cunha asistencia de 12 mulleres.

Encadramento PIOM:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promover a formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres en colaboración co Servizo Galego de Igualdade, que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.

42

21. Denominación: Realización do obradoiro “ Hábitos de vida saudable”

Descrición:

Realización do obradoiro “Hábitos de vida saudable” impartido por unha psicóloga e organizado polo Servizo Galego de Igualdade e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

O obradoiro foi levado a cabo o 12 de decembro do 2009 cunha asistencia de 9 mulleres.

Encadramento PIOM:

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

Obxectivo 1: Promover a formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.

Actuación 4: Realizar cursos de formación para mulleres en colaboración co Servizo Galego de Igualdade, que lles permita mellorar as súas expectativas

21. Denominación: Realización do obradoiro “ Hábitos de vida saudable”

de emprego.

Área V: Medio ambiente e desenvolvemento sostible.

Obxectivo 1: Potenciar unha relación equilibrada e respectuosa das mulleres co medio ambiente.

Actuación 1: Fomentar entre as mulleres actitudes respectuosa co medio ambiente e con entorno, a través de campañas de sensibilización.

Actividades realizadas no ano 2010.

22. Denominación: Celebración de actos conmemorativos do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) do ano 2010.

Descrición:

Conxunto de actividades levadas a cabo no marco da celebración do Día Mundial contra a Violencia de Xénero e do Día Internacional da Muller Traballadora lideradas polo Concello de Xermade, entre os que salientan charlas, conferencias, ceas de confraternidade...

Encadramento PIOM:

Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.

Obxectivo 4: Promover unha atención integral ás vítimas da violencia de xénero.

Actuación 5: Realizar actos conmemorativos do 25 de Novembro (día mundial contra a violencia de xénero) para rexeitar estes comportamentos.

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2. Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (día mundial da muller traballadora)

23. Denominación: IV Cea de confraternización das mulleres de Xermade.

Descrición:

Celebración da IV Cea de Confraternización das Mulleres do Concello de Xermade con motivo da celebración do 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora.

Esta celebración ten os seguintes obxectivos:

- Reunión de tódalas mulleres do Concello.
- Acercamento entre as asociacións de mulleres rurais.
- Motivar á participación ás mulleres de Xermade.
- Recoller as inquiredanzas das mulleres do Concello.
- Celebra-lo 8 de Marzo, Día Mundial da Muller Traballadora.

A cea foi celebrada o día 6 de Marzo do 2010.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 1: Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.

Actuación 2: Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas....)

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora)

44

24. Denominación: Exposición “Rostros de Muller”

Descrición:

Organización da exposición “Rostros de Muller” realizada pola ONG Ayuda en Acción.

24. Denominación: Exposición “Rostros de Muller”

A exposición foi realizada na Casa Escola de Cabreiros.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais

Actuación 2: Estimular e apoiar a participación das mulleres na produción cultural facendo visibles as obras realizadas por elas.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (día mundial da muller traballadora)

25. Denominación: Documental “Mulleres liderando”

Descrición:

Proxección do documental “Mulleres liderando” onde se pode ver o traballo das mulleres en Nicaragua.

A proxección foi realizada na Casa Escola de Cabreiros.

Encadramento PIOM:

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

Obxectivo 2: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais

Actuación 2: Estimular e apoiar a participación das mulleres na produción cultural facendo visibles as obras realizadas por elas.

Actuación 4: Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (día mundial da muller traballadora)

2.3.2.1. Conclusións iniciais derivadas da análise previa.

Unha vez realizada a relación de actividades levadas a cabo polo Concello de Xermade en temas de fomento da igualdade de oportunidades entre homes e

mulleres, é preciso indica-la importancia cuantitativa das mesmas, así como o importante esforzo de coordinación que isto supuxo.

Neste sentido, débese salienta-la presenza de diferentes axentes nas actividades de fomento da igualdade, sendo a que segue unha enumeración non exhaustiva destes axentes:

- Concello de Xermade.
- CEIP de Xermade.
- Asociación de Mulleres Rurais de Roupar.
- Asociación de Mulleres Rurais “Amuraxe” de Xermade.
- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.
- Clube de Fútbol Roupar.
- Sociedade Deportiva Momán.
- Sociedade Deportiva Xermade.
- Clube de Fútbol Cabreiros.
- Clube de Fútbol Cazás.
- Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.
- Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas de Lugo.
- ONG Ayuda en Acción.

46

Así mesmo, compre salienta-la importante coherencia das actuacións levadas a cabo co deseño do PIOM, encadrándose a totalidade delas nas Áreas, Obxectivos e Actuacións deseñados, polo que o PIOM compre a función de ser unha guía de cara a implementación das actividades, fornecéndoas de coherencia, continuidade no tempo e multiplicando o efecto das mesmas ó inserilas unha estratexia xeral de desenvolvemento.

Neste sentido, e tendo en conta que a maior parte dos esforzos se focalizaron na sensibilización e na difusión da mensaxe da igualdade contra a violencia de xénero, tamén se debe salienta-la que son as actuacións relacionadas coa **Área I: Administración local e participación socio-política** as que menor peso relativo teñen no total das actuacións levadas a cabo, sendo preciso, polo

tanto, incrementa-los esfuerzos neste eido en posteriores actuacións, aspecto este que será convenientemente desenvolvido con posterioridade.

3. A AVALIACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE XERMADE

3. A avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade.

A avaliación é un dos pasos clave do ciclo dunha política pública xa que, non unicamente serve para testa-la realidade dos obxectivos acadados co inicialmente planificado, senón que o seu maior valor atópase en fornecer ós decisores do necesario *feed-back* sobre as actuacións implementadas de cara a unha posterior mellora do deseño das mesmas, mellorando así o achegamento ós obxectivos marcados inicialmente para a política pública.

Deste xeito, a avaliación de políticas públicas non se debe considerar como un elemento a posteriori das propias accións, xa que é unha parte básica do ciclo das políticas e, polo tanto, parte do proceso.

A pesares disto, a avaliación non é unha ferramenta utilizada de xeito sistemático á hora de mellorar unha política pública debido, entre outras causas, a que se adoita ver como unha fiscalización do traballo realizado, sendo en realidade o obxectivo dunha avaliación dunha política a mellora da mesma para o futuro analizando como se deseñou e implementou a política no pasado. De feito, a avaliación é unha ferramenta de futuro que garante que os axentes inmersos na política pública eviten os erros inicialmente cometidos, maximizando deste xeito a utilidade pública do orzamento investido nas actuacións.

Así mesmo, dentro dunha política pública de carácter social como é o deseño e implantación do Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres, o usual é que se utilice un sistema de avaliación denominado “pluralista”. Este sistema, a diferenza do sistema máis obxectivo, asume a política pública como algo integral, de tal xeito que o feito de que acaden determinados obxectivos non supoña de xeito inmediato o éxito da política, senón que este éxito depende, entre outras cousas, da imaxe e da percepción que dela teñen os diferentes axentes que interveñen na mesma.

No sistema pluralista de avaliación toma unha radical importancia a visión dos diferentes axentes e, polo tanto, a opinión dos mesmos, asumindo así unha parte subxectiva inherente ó ciclo das políticas públicas. É dicir, independentemente de que se acaden os obxectivos, se os axentes que interveñen nunha política pública amosan visións negativas sobre a mesma, o éxito da política pública non é absoluto, senón parcial.

Este sistema pluralista é o que se vai utilizar para a avaliación do PIOM do Concello de Xermade, sendo básico para isto a participación dos axentes máis destacados no proceso de deseño e implementación da política. Así, o resultado da avaliación será unha visión integral sobre a implementación da política, sobre os seus resultados e, sobre todo, sobre os retos de futuro a asumir de cara a unha mellora da mesma para o futuro.

3.1 Os criterios utilizados á hora de avalia-lo PIOM de Xermade.

Tendo en conta o anteriormente comentado sobre o proceso de avaliación, é preciso proceder a enmarca-las políticas de igualdade de xénero e, sobre todo, as de fomento de inserción feminina no mercado laboral de cara a proceder á avaliación do PIOM en función dos criterios comunmente aceptados en termos europeos.

No ano 2000, cun contexto favorable á mellora da ocupación en Europa, iniciouse un proceso europeo de fomento da ocupación. Así, no Consello Europeo levado a cabo en Lisboa no ano 2000, a Unión Europea asume como obxectivo estratéxico o seguinte:

- “Converterse na economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de medrar economicamente de xeito sostible con máis e mellores postos de traballo e cunha maior cohesión social”

Este mesmo Consello de Lisboa determina que o obxectivo global das medidas previstas tería que ser:

- “Aumenta-la taxa de ocupación actual dunha media do 61% tan preto como sexa posible do 70% a máis tardar no 2010, e incrementa-lo número actual de mulleres ocupadas dunha media do 51% a máis do 61% no 2010”.

Seguindo a mesma dirección, en decembro do 2000, no Consello Europeo de Niza apróbase a Axenda Social Europea, na que se establece que o retorno á ocupación plena demandaba políticas ambiciosas coa finalidade de incrementa-las taxas de actividade, diminuí-los desequilibrios rexionais, reduci-las desigualdades e mellora-la capacidade de ocupación.

Tanto a vontade de incidir de xeito común e integrada sobre a política de ocupación, como os acordos tomados en relación á esta vontade, denomináronse Estratexia Europea de Ocupación. Por tanto, e de xeito resumido, o obxectivo que se lle pode atribuír á Estratexia Europea de Ocupación é o de acadar un incremento significativo das taxas de ocupación para tódolos grupos sociais de Europa.

51

EQUAL foi a Iniciativa Comunitaria de Recursos Humanos promovida polo Fondo Social Europeo no período 2001 – 2006. Esta iniciativa como parte da estratexia integrada para a ocupación, ten por obxectivo principal promover novos xeitos de loitar contra tódalas formas de discriminación e desigualdade que se produzan no mercado laboral e, particularmente, contra aquelas que se basean no sexo, raza, orixe étnico, crenzas ou idade.

Así, EQUAL, como parte da estratexia integrada da UE e complemento ó resto de accións e iniciativas levadas a termo dentro desta, ten como finalidade, por unha banda, someter a proba novos xeitos de combate-la discriminación e a desigualdade e, por outra, ofrece-la posibilidade de ensinar novas ideas susceptibles de troca-las políticas e as prácticas de futuro en materia de ocupación e formación.

Os programas deseñados dentro da Iniciativa Comunitaria EQUAL responden a unha serie de principios que pretenden se-la guía da totalidade, non so dos proxectos EQUAL senón que, mediante a capilarización dos mesmos, dos proxectos relativos á inserción laboral de mulleres e ó fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Estes principios serán os utilizados como referencia de cara a establece-los criterios xerais para a avaliación das actuacións enmarcadas no PIOM de Xermade. A continuación expóñense estes criterios e a súa explicación para proceder á súa posterior análise por actuacións.

➤ **Principio de Complementariedade.**

Por complementariedade enténdese se o proxecto se integra en plans ou estratexias de desenvolvemento dos recursos humanos e/ou mellora do mercado de traballo. Así, débese comprobar se se da pe á optimización dos recursos xa existentes, de xeito que o proxecto se insira nun armazón coherente de actuacións, sendo significativo o feito de comprobar incide en ámbitos de actuación non cubertos ata o intre polas políticas xerais de emprego e fomento da igualdade.

➤ **Principio de Innovación.**

A innovación enténdese considerando as achegas do proxecto en relación coas prácticas das políticas xerais no eido do emprego e do fomento da igualdade entre homes e mulleres. Trátase de analizar se o proxecto achega solucións novas en relación coa problemática da discriminación no mercado de traballo e na vida cotiá de Xermade.

Así mesmo, dentro da innovación hai dúas vertentes a estudar:

- **A innovación estratéxica** fai referencia á novidade que significa o deseño e implementación de actividades no marco do PIOM por si mesma.
- **A innovación en procedementos e produtos** fai referencia o anovadores que son os xeitos de traballar introducidos polo PIOM, así como a aqueles produtos (cursos, actividades, charlas...) enmarcadas no Plan.

➤ **Principio de Capacidade de Transferencia ás políticas xerais.**

A capacidade de transferencia debe ser valorada en función do estudo das accións de difusión das actuacións do proxecto, así como en función da valoración da incorporación efectiva de tales solucións ás políticas xerais do mercado laboral e ás accións ordinarias de fomento da igualdade de oportunidade entre mulleres e homes.

➤ **Principio de Capacitación.**

A valoración do principio de capacitación débese efectuar en base á análise dos mecanismos de coordinación e toma de decisións previstos e á apreciación da medida en que estes contribúen realmente a asegurar unha participación activa de tódolos axentes na política de fomento da igualdade.

➤ **Principio de Enfoque Integrado e Concentración.**

O principio de enfoque integrado débese avaliar considerando a efectividade dos plantexamentos, métodos e actividades aplicadas polo proxecto para asegurar un tratamento global dos factores comúns a cada unha das problemáticas.

➤ **Principio de Colaboración Institucional.**

Valorarase o cumprimento deste principio a través da análise da natureza e competencias dos diferentes axentes que participan no proceso de deseño e

implantación do PIOM, así como as posibilidades que achegan e a súa relación cara os obxectivos das actuacións.

3.2 A concordancia entre os Criterios e as Actuacións do PIOM de Xermade.

Unha vez analizados os criterios básicos cos que realiza-la comparación das actuacións levadas a cabo no marco do PIOM, e tendo en conta a descrición previa do conxunto do Plan que se leva feito ó longo do presente documento, procederáse a poñer exemplos de actuacións realizadas no PIOM para ilustra-lo cumprimento dos criterios expostos.

Así mesmo, antes de inicia-la análise da concordancia entre actuacións e criterios, é preciso facer fincapé en dous aspectos:

➤ A pertinencia do PIOM.

54

Tal e como se puido analizar no inicio do documento, o PIOM trata, sobre todo mediante as accións de formación, de proceder á mellora-la inseribilidade feminina no mercado laboral mediante a proliferación de cursos de reciclaxe profesional encarados a cubri-los posibles ocos presentes nos novos xacementos de emprego relacionados, en grande parte, coa sustentabilidade medioambiental e cos servizos de proximidade (dependencia e atención a nenos pequenos).

Deste xeito, o deseño do PIOM como ferramenta fundamental de cara ó fomento da igualdade entre homes e mulleres, así como ferramenta de fomento da inserción laboral feminina non somentes se pode dicir que é pertinente, senón que é básica.

Así, e establecendo as guías que marca o PIOM como vieiro a seguir de cara á mellora da igualdade entre homes e mulleres e a mellor inseribilidade feminina no mercado laboral, tamén é preciso indicar que estas metas non

se acadan unicamente mediante a formación directa relacionada con determinados postos de traballo, senón que neste sentido a perspectiva de xénero supón que se deban incluír módulos ou accións específicas encaradas ó concepto da activación psicolóxica feminina, á mellora da autoestima e ó afortalamiento persoal como paso previo á entrada na procura activa de traballo.

➤ **A coherencia co PIOM.**

Tal e como se viu ó longo do documento presente, analizáronse pormenorizadamente a totalidade das actuacións enmarcadas no PIOM, en función de se se trataba de actuacións relacionadas coa formación ou non, así como en función do ano de execución das mesmas.

Pois ben, é preciso indicar que a totalidade das actuacións levadas a cabo polo Concello de Xermade en relación co fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como co incremento das posibilidades de inserción laboral feminina son completamente coherentes co deseño do PIOM, sendo posible encadralas perfectamente na árbore de Áreas, Obxectivos e Actuacións recollida no PIOM.

55

Deste xeito, o PIOM cumpre á perfección co obxectivo de ser un vieiro a seguir polo Concello á hora de proceder a deseña-la planificación operativa, é dicir, as actuacións particulares, establecendo a completa coherencia e, polo tanto, multiplicando os efectos das actuacións individuais.

3.2.1 A aplicación no PIOM do Criterio de Complementariedade.

Tal e como se comentou con anterioridade, o principio de complementariedade fai referencia á integración do PIOM nas políticas xerais do Concello contribuindo a cubri-los baleiros detectados nas súas políticas e aproveitando os recursos que as administracións en xeral e o concello en particular poñen a disposición dos axentes para as actuacións.

En efecto, o PIOM responde ó principio de complementariedade tanto en termos xerais dende o seu deseño, así como no que se refire ás súas actuacións en particular.

Así, en termos xerais o deseño do PIOM responde ó baleiro que ten o Concello en termos de políticas de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como de mellora da empregabilidade feminina, polo que se complementa á perfección co resto das actuacións do Concello.

No que ás actuacións respecta, a **complementariedade** vese garantida xa que, por exemplo, as actuacións relacionadas coa formación complementase á perfección cos obradoiros de igualdade “*Actuación nº 2, páxina 24 : Obradoiro de Igualdade de Oportunidades*”, encamiñados á explicación das políticas de xénero ou o obradoiro “*Actuación nº18 páxina 38 “Desenvolvemento persoal. Autoestima*” encamiñado á activación psicolóxica das mulleres de Xermade.

56

3.2.2 A aplicación no PIOM do Criterio de Innovación.

O PIOM en xeral é un programa innovador debido a que as políticas de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes ata o intre nunca foron deseñadas de xeito específico dende o Concello, procedendo así a unha mellor contextualización das mesmas e a unha mellor resposta ás situacións reais do Concello.

Neste sentido, o PIOM non somentes responde ó criterio de innovación en xeral, senón que responde á perfección ó criterio de **innovación estratéxica**, provocando un troco xeral nas políticas do concello ó integra-la perspectiva de xénero nas mesmas e ó englobar ó colectivo feminino como tal nas políticas de emprego.

Así mesmo, no que á **innovación de procedementos e produtos** se refire, o PIOM tamén responde á mesma debido ó troco que presenta para as políticas

de emprego a identificación do colectivo feminino como tal e, polo tanto, a creación de ferramentas especificamente encamiñadas a elas, tanto no que se refire a ferramentas de aprendizaxe de oficios como ó que se refire á creación de espazos de comunicación social e de reunión para poñer en común problemáticas e visións sobre a actualidade, como así queda reflectido nas actuacións nº 5 (paxina 26), actuación nº13 (página 34), actuación nº 16 (página 36) ou actuación nº21 (página 40) denominadas “Ceas de Confraternización das Mulleres de Xermade”.

3.2.3 A aplicación no PIOM do Principio de Capacidade de Transferencia ás políticas xerais.

No que ó principio de transferencia se refire, o PIOM centra unha cantidade importante dos seus esforzos en tarefas de difusión da mensaxe do fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como no da mellora da empregabilidade feminina.

57

Esta difusión é realizada maioritariamente entre a sociedade de Xermade, o que responde coherentemente co obxectivo de sensibilización da mesma.

De tódolos xeitos, é un dos obxectivos do propio PIOM a introdución da transversalidade nas políticas locais, o que comporta a aplicación da capacidade de transferencia ás políticas locais do concello.

Así, a medio prazo, vistos os esforzos que en termos de difusión se están a levar a cabo, é previsible que sexan os propios usuarios dos servizos os que demanden ó concello a presenza de políticas específicas para as mulleres, demandas que o concello estará preparado para respostar debido ó traballo de introdución da transversalidade nas políticas locais que está a levar a cabo actualmente.

3.2.4 A aplicación no PIOM do Principio de Capacitación.

O principio de Capacitación utilízase en termos agregados como sinónimo dun proceso de **empowerment** de carácter asociativo, non individual. A pesares disto, no PIOM combínanse as dúas dimensións xa que, tanto en termos individuais como colectivos – asociativos se procede á capacitación en materia de fomento da igualdade de oportunidades e mellora da empregabilidade.

Deste xeito, o PIOM comprende actuacións destinadas á capacitación mediante a formación:

- **Materias relacionadas directamente co mercado laboral.**
 - Actuacións 1 – 10 (páxinas 16 – 21) de formación ás que acudiron como alumnos un total de 136 persoas, das que 90 foron mulleres e que se levaron a cabo dende o 2006 ata o 2010.

- **Materias relacionadas coa capacitación social e o empoderamento xeral.**
 - Obradoiro de Igualdade de Oportunidades. Actuación 2, páx. 24
 - Charla “ O Benestar na Muller”. Actuación 6, páxina 27.
 - Charla “Estratexias e recursos para dinamizar unha asociación de mulleres” Actuación 14, páxina 35.
 - Lectura de textos sobre o día da muller. Actuación 17, páxina 37.
 - Obradoiro “ Desenvolvemento persoa. Autoestima”. Actuación 18, páxina 38.
 - Obradoiro “Hábitos de vida saudable”. Actuación 19, páxina 39.
 - Documental “Mulleres liderando”. Actuación 23, páxina 41.

3.2.5 A aplicación no PIOM do Principio de Enfoque Integrado.

O PIOM trata de atacar de xeito integral todos aqueles problemas relacionados coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, sendo o máis salientable o relacionado co mercado laboral, de aí que unha grande parte dos

esforzos se trasladen á realización de accións formativas encamiñadas a mellora-la inseribilidade laboral feminina.

De tódolos xeitos, o PIOM diseña unha política pública integral de fomento da igualdade de oportunidades que ten en conta os seguintes aspectos:

- Activación psicolóxica e laboral das mulleres de Xermade mediante obradoiros, charlas, creación de espazos de intercambio, fomento da relación das asociacións de mulleres rurais...
- Activación laboral das mulleres mediante a formación específica de cara a aproveita-la potencialidade dos novos xacementos de emprego.
- Introducción da transversalidade nas políticas do Concello e nos seus procedementos internos de traballo.
- Deseño de actividades de lecer destinadas ás mulleres de Xermade.
- Implicación de sectores como o deporte ou a escola de cara á súa sensibilización coa violencia de xénero.

59

Con esta relación de eidos asumidos dende o PIOM e plasmados na realización de actuacións, deixase claro que a política de igualdade é integral e é deseñada e executada de xeito integral, sempre tendo en conta os recursos cos que conta o concello e os esforzos de cara a incrementalos mediante o establecemento de relacións coa rede de axentes que traballan en Galicia en fomento da igualdade.

3.2.6 A aplicación no PIOM do Principio de Colaboración Institucional.

Directamente relacionado co principio anterior, é imposible o deseño e implementación dunha política pública de xeito integral se non existe a colaboración institucional con aqueles axentes que veñen traballando na política da que se estea falando.

Así, non sómentes é recomendable, senón necesario en función do éxito que se queira obter, que se estableza unha relación de estreita colaboración entre o Concello e, neste caso, o Servizo Galego de Igualdade como institución que centraliza as políticas de fomento da igualdade en termos autonómicos.

De tódolos xeitos, a colaboración institucional non se refire unicamente á relación entre institucións de carácter público, senón que se debe entender nun sentido amplo, dando lugar á colaboración con entidades sociais, deportivas, empresas, sindicatos... con toda aquela figura que teña algo que achegar á hora do deseño ou implementación das actuacións relacionadas coa igualdade de oportunidades.

Así, o PIOM comprende actuacións que engloban ás seguintes institucións:

- Concello de Xermade.
- CEIP de Xermade.
- Asociación de Mulleres Rurais de Roupar.
- Asociación de Mulleres Rurais “Amuraxe” de Xermade.
- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.
- Clube de Fútbol Roupar.
- Sociedade Deportiva Momán.
- Sociedade Deportiva Xermade.
- Clube de Fútbol Cabreiros.
- Clube de Fútbol Cazás.
- Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.
- Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas de Lugo.
- ONG Ayuda en Acción.

Neste sentido, o principio de Colaboración Institucional está garantido no PIOM de Xermade tanto no que supón externamente, onde se colabora asiduamente co Servizo Galego de Igualdade, como internamente, onde se ten en conta á totalidade de axentes do territorio susceptibles de potencia-lo traballo en favor da igualdade de oportunidades.

4. CONCLUSIÓNS E RETOS DE FUTURO



4. Conclusións e Retos de Futuro.

Antes de comezar coas conclusións e retos de futuro que deberán ser tidos en conta de cara a afondar nas políticas de fomento da igualdade no concello, é preciso, ante todo, salienta-la importancia que supón que un Concello de 2.256 habitantes (datos do Instituto Galego de Estatística do padrón do 2009) conte cun Plan de Igualdade.

Este feito comporta que dentro das liñas de actuación do Concello, coa limitación en recursos co que conta un Concello destas características, unha delas sexa á do fomento da igualdade, loitando así contra o tópico de que este tipo de políticas son para concellos de maior dimensión e maiores recursos.

Nada máis lonxe da realidade, o fomento da igualdade de oportunidades debe ser apoiado, ademais de pola totalidade das institucións, por aquelas máis achegadas ó cidadán, como é o caso dos concellos, independentemente do número de habitantes.

Así, co deseño e posta en marcha do PIOM, o Concello de Xermade non somentes amosa unha especial sensibilidade coa materia (expresada directamente nas actuacións internas que afectan ó persoal do Concello encamiñadas á conciliación da vida familiar e laboral), senón que se compromete, establece relacións con axentes e administracións, e compromete fondos públicos que, na medida das posibilidades do Concello, irán destinados á igualdade de oportunidades.

A continuación procederanse a expoñe-las principais conclusións derivadas da avaliación que, tal e como se indicou ó longo do documento, serán expostas como retos de futuro de cara a posteriores edicións do PIOM de Xermade.

4.1 A mellora do control nas actuacións deseñadas.

Dentro da implementación dunha política pública hai aspectos que, ó non seren públicos e non teren impacto de cara a sociedade, non son tan valorados pero que, con todo, contribúen a unha mellor xestión daquelo que se fai e, polo tanto, a medio prazo teñen un efecto multiplicador positivo de cara á sociedade.

Entre estes aspectos salientan o control orzamentario daquelas actividades levadas a cabo, control que non ten nada que ver con aquela fiscalización levada a cabo dende os departamentos de intervención ou tesoureiría, senón que debe contribuír a que os técnicos encargados da xestión das actuacións poidan ter acceso a datos agregados sobre o gasto e, polo tanto, poidan tirar conclusións sobre a efectividade do mesmo a medio prazo.

Este control non se refire ó deseño de ferramentas como un cadro de mando xa que, por volume de recursos utilizados non é preciso, pero preténdese o mesmo obxectivo, é dicir, estar en disposición de tirar conclusións sobre aspectos como o gasto efectuado e o resultado ou impacto obtido.

Neste mesmo sentido, é preciso facer fincapé na necesidade de contar con outro tipo de datos con carácter estruturado. Por exemplo, cuestionarios de satisfacción de alumnos que acudiron a accións formativas, actas de reunións mantidas con axentes implicados no fomento da igualdade... Con este tipo de información estruturada é máis doado a elaboración de memorias de actuacións con indicadores e, polo tanto, a rendición de contas e a toma de decisións informadas sobre a continuidade de actuacións ou programas.


4.2 O peche do círculo laboral. A inserción.

O PIOM adícalle unha grande parte dos seus esforzos, tanto en termos de deseño como de implementación de actividades, ó eido da formación. De feito, nos anos analizados, un total de 136 persoas (90 delas mulleres) pasaron polas 10 accións formativas levadas a cabo dende o Concello.

Con estas actividades amósase que é unha prioridade do PIOM e, polo tanto, do Concello de Xermade, apoia-la formación feminina de cara á inserción laboral, co que se incrementa a calidade de vida das mulleres inseridas ó mesmo tempo que se melloran os datos agregados de poboación activa que presenta o Concello e que amosan unha grave tendencia de avellentamento.

Por norma xeral, as administracións públicas adoitan abandona-las actuacións de fomento da inseribilidade na impartición de cursos de formación ós colectivos que vaian dirixidos, neste caso mulleres, esquecendo o traballo na intermediación laboral, o que supón que se deixe coxo o esquema xeral.

64



Deste xeito, de cara a acadar unha maior eficacia das accións de formación do colectivo de mulleres co obxectivo da súa inserción laboral, é recomendable analizar previamente as necesidades do tecido empresarial propio e a súa posible oferta de postos de traballo. Estes son os contidos dos cursos que se impartirán, independentemente de que o Concello no seu traballo de fomento, escolla facer fincapé nos denominados Novos Xacementos de Emprego e que de momento aínda non xeren postos de traballo no Concello pero que, ó formaren parte de sectores económicos emerxentes, non han tardar en seren relevantes.

Unha vez fixados os contidos das accións formativas, seleccionados os colectivos obxectivo e impartidas as aulas correspondentes, é preciso pecha-lo círculo da inserción laboral, promovendo un sistema de prácticas ou bolsas co obxectivo de que as persoas que se formaron podan exercer o oficio correspondente e optar a inserirse no mercado laboral.

Este esquema xeral ten un maior potencial en termos locais, así como maiores dificultades de implantación. As complicacións veñen derivadas da carencia de recursos, en tanto que as potencialidades son froito do exhaustivo coñecemento que os técnicos de emprego teñen dos sectores económicos propios, así como dos condicionamentos dos colectivos obxectivo se a localidade é dun reducido tamaño como acontece no caso de Xermade.

65

Así, en Concellos de tamaño reducido non é complicado deseñar un sistema de intermediación laboral ou bolsa de traballo que facilite a inserción das mulleres que, neste caso, é o colectivo obxectivo do PIOM.

Así mesmo, esta bolsa de traballo local debería colaborar abertamente cos sistemas de intermediación laboral públicos existentes, caso do Servizo Galego de Colocación, e cos dos Concellos veciños de cara a maximiza-las posibilidades de empregabilidade dos seus usuarios.

4.3 A conciliación da vida familiar e laboral como xacemento de emprego e mellora da calidade de vida.

Dentro da Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral, o Concello ten previsto a realización dunha serie de campañas de concienciación de cara ó fomento da corresponsabilización nas tarefas domésticas.

A conciliación pode ser analizada como unha faceta interna na vida da unidade familiar, sendo imprescindible o deseño de campañas de cara ó fomento da corresponsabilidade, ou ben tamén pode ser analizada como unha posibilidade de creación de riqueza no territorio atendendo ás condicións sociais e demográficas da poboación.

Neste sentido, é posible iniciar o proceso de reflexión sobre a posibilidade de creación dun tecido empresarial que se adique ós servizos de proximidade, sobre todo tendo en conta o proceso de avellentamento da poboación local.

66

Na actualidade, en territorios rurais marcados por un profundo avellentamento, adóitase facer fincapé sobre dous tipos de servizos de proximidade.

- **Servizos relacionados co coidado de nenos/as.** Trátase de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral de nais e pais ó mesmo tempo que se crean postos de traballo na localidade.
- **Servizos relacionados co coidado de anciáns e persoas dependentes.** Trátase de favorecer a conciliación de vida familiar e laboral das persoas que se encargan do coidado dos familiares ó mesmo tempo que se crean postos de traballo na localidade.

Estes dous servizos básicos de proximidade poden verse incrementados por outros de carácter auxiliar, como por exemplo, pode ser o transporte adaptado de nenos e/ou anciáns.

Así, deberíase realizar unha análise profunda das necesidades que ten a poboación de Xermade desta serie de servizos para, unha vez detectada e cuantificada a mesma, ve-las posibilidades de cubrir esta demanda nunha dobre vía:

- **Fomento da emprendizaxe e creación de empresas.** Apoio ás persoas que consideren a creación dunha empresa que oferte estes servizos ou fomento do cooperativismo facendo fincapé na inserción laboral de mulleres da localidade mediante o apoio e realización de plans de viabilidade.
- **Solicitud de equipamentos ás administracións competentes** (Deputación, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar...). Unha vez cuantificada a posible demanda destes servizos, é posible realiza-la solicitude de creación dunha Escola Infantil ou un Centro de Atención ás Persoas Maiores xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, da Consellería de Traballo, por exemplo. Así mesmo, a creación desta serie de centros sería unha oportunidade atractiva de cara ás mulleres de Xermade para a súa inserción laboral.

67

4.4 O deseño de actividades de lecer no marco do PIOM. A sensibilización.

Ata o intre actual, as actividades de lecer deseñadas no marco do PIOM tiñan o obxectivo de fornecer ás mulleres do Concello de lugares comúns nos que reunirse e compartir problemas e solucións. Neste sentido é básico darlle continuidade ás Ceas de confraternización das mulleres, dotándoas de contido como charlas previas, reparto de premios ás actividades das asociacións mellor valoradas... de tal xeito que se siga a traballar na dinamización do ambiente asociativo feminino.

Así mesmo, e tendo observada a tónica habitual de traballo co CEIP de Xermade, deberíase aproveitar o caudal de experiencia en traballo coas

mulleres que na actualidade se está a levar a cabo, dirixíndoo cara ós nenos do Concello. Neste sentido, hai numerosas experiencias de actividades deseñadas por asociacións de mulleres (en Xermade hai dúas coas que se ven traballando) nas que son as propias mulleres as que tentan explicar ós nenos os seus oficios, as experiencias do traballo, a realidade da emigración... de tal xeito que se fomente o traballo común entre as mulleres e a asociación, entre a asociación e a escola e entre as mulleres e os nenos, promovendo unha aprendizaxe mutua sobre a realidade dos usos e costumes, da historia ou dos oficios, de tal xeito que se contribúa ó coñecemento e á acumulación de experiencias dos nenos sobre o territorio no que viven.

Neste sentido, outras actividades que se adoitan levar a cabo son as coñecidas como os Talleres de Autobiografía, nos que as asociacións ou o Concello encargado de xestionalos, van recompilando as experiencias das persoas maiores ata construír ou reconstruí-la historia recente do concello dende a vivencia de cada un dos participantes.

68

Estas experiencias achegan a riqueza de que se pode reconstruí-la vida dunha xeración, analizando os oficios, os usos e costumes... dende cada perspectiva individual ata chegar ó colectivo e sempre tendo en conta que, se estas accións se desenvolven no marco do PIOM, o protagonismo sería eminentemente feminino.

O deseño e execución deste tipo de actividades de lecer vese potenciado se, paralelamente á execución das mesmas, se leva a cabo unha axeitada campaña de difusión, implicando a toda a poboación das diferentes localidades, medios de comunicación comarcais e galegos, recompilación de experiencias nun documental final que se reparta entre os habitantes do concello, de tal xeito que o impacto xere a propia demanda de continuidade destas experiencias e incluso a súa exportación a localidades veciñas.

Dentro destas actividades de lecer, a compoñente de sensibilización debe estar presente en todas elas, sendo unha parte imprescindible das mesmas. Neste sentido, e continuando coa lóxica presente nas actuacións do I PIOM e

plasmada no Obradoiro de Igualdade de Oportunidades realizado no ano 2006, este tipo de obradoiros veñen dirixíndose sempre á xeralidade da poboación da localidade polo que, probablemente, sexa preciso focalizar máis o público obxectivo.

Así, e co obxectivo da súa difusión e exemplo público, sería positivo plantexarse a impartición dun obradoiro de igualdade de oportunidades deseñado para os membros do pleno do concello e ó que acudiran persoeiros de relevancia da localidade. Deste xeito, ademais de proceder á sensibilización dun colectivo determinado que ten unha importancia básica na vida da localidade, estase a da-la imaxe de implicación dos mesmos, co que isto supón de efecto imitación en termos sociais.